



### Máis información Más información

#### Concello de Montederramo / Ayuntamiento de Montederramo

Praza Montederramo, 28. 32750 Montederramo, Ourense.

Tel.: 988 292 000 - Fax: 988 292 071

[www.concellomontederramo.org](http://www.concellomontederramo.org)

[turismo.montederramo@eidolocal.es](mailto:turismo.montederramo@eidolocal.es)

#### Oficina de Turismo / Oficina de Turismo

Praza Montederramo, 28. 32750 Montederramo, Ourense.

Tel.: 988 292 072

Aberto todos os días en horario de mañá (11:00 - 14:00 h) e de tarde (16:00 - 19:00 h).

Servizo de préstamo de dispositivos GPS na propia oficina.

*Abierto todos los días en horario de mañana (11:00 - 14:00 h) y de tarde (16:00 - 19:00 h)*

*Servicio de préstamo de dispositivos GPS en la propia oficina.*

#### Teléfonos de interese

##### Teléfonos de interés

Centro Médico	988 292 045
Farmacia	988 292 034
Incendios	988 203 523
Guarda Civil / Guardia Civil	988 203 003
Urxencias médicas / Urgencias médicas	061

#### Onde comer / Dónde comer

Restaurante Troita	988 292 002
Restaurante Casa Elvira	988 292 019
Restaurante Refugio	654 527 751

#### Onde durmir / Dónde dormir

A Fervenza	916 163 286 - 630 222 486
A Castiñeira	988 292 124 - 609 314 235
Albergues	619 541 562
Apartamento Elvira	689 213 996
Casa Alquiler Tino	988 292 057 - 988 292 094
Os Fuelles	988 268 704 - 697 707 878



CONCELLO DE  
MONTEDERRAMO

Concello de Montederramo  
Ayuntamiento de Montederramo



Ruta Rede Natura

## Ruta do Bidueiral







Ruta Rede Natura

## Ruta do Santo



Rede de sendeiros  
Red de senderos



## Ruta do Santo

### O retiro do eremita

A chamada "Ruta do Santo" segue o camiño que o eremita San Mamede percorría para achegarse dende a súa ermida, no alto da Serra que leva o seu nome, ata o Mosteiro Cisterciense de Montederramo, comunidade monacal á que pertencía. Este camiño só o realizaba unha vez no ano, concretamente o día 15 de agosto, data na que a comunidade monacal celebraba a súa patroa. O resto do ano, eran os propios monxes da abadía os que se achegaban, en pequenos grupos, á ermida para levar a cabo xornadas de meditación e retiro espiritual.

O sendeiro, que ten o seu inicio diante do Mosteiro de Sta. María de Montederramo, vai ascendendo gradualmente, atravesando fermosos pobos coma Vilanova e Fontedoso, ata deixarnos ós pes dun duro ascenso que remata no cumio da serra. Este esforzo final vese recompensado polas fermosas vistas que dende alí se poden ollar, a carón da ermida.

O camiño de volta descende pola cara oposta da serra ata o "Pluviómetro", adentrándose na "Ruta do Bidueiral" ata o "Campo do Casar". Dende alí achéganos ata a igrexa de San Cosme, onde se escoitan xa os cantos gregorianos da abadía de Santa María de Montederramo.

### El retiro del ermitaño

*La llamada "Ruta del Santo" sigue el camino que el ermitaño San Mamede recorría para acercarse desde su ermita, en el alto de la Sierra que lleva su nombre, hasta el Monasterio Cisterciense de Montederramo, comunidad monacal a la que pertenecía. Este camino solo lo realizaba una vez al año, concretamente el día 15 de agosto, fecha en la que la comunidad monacal celebraba a su patrona. El resto del año eran los propios monjes de la abadía los que se dirigían, en pequeños grupos, a la ermita para realizar jornadas de meditación y retiro espiritual.*

*El sendero, que tiene su inicio delante del Monasterio de Santa María de Montederramo, va ascendiendo gradualmente, atravesando hermosos pueblos como Vilanova o Fontedoso, hasta dejarnos a los pies de un duro ascenso que remata en la cubre de la Sierra. Este esfuerzo final se ve recompensado por las hermosas vistas que desde allí se pueden ver, al lado de la ermita.*

*El camino de vuelta descende por la cara opuesta de la sierra hasta el pluviómetro, adentrándose en la "Ruta del Bidueiral" hasta el "Campo do Casar". Desde allí nos acerca hasta la iglesia de San Cosme, desde donde se escuchan ya los cantos gregorianos de la abadía de Santa María de Montederramo.*

## Ruta do Bidueiral

### Natureza envolvente

A "Ruta do Bidueiral" pódese considerar hoxe coma unha das andainas máis fermosas de toda a xeografía galega. Iniciamos o percorrido en Montederramo e dirixímonos á cara norte da mítica Serra de San Mamede. Despois de 8,9 Km chegamos á encrucillada do "Campo do Casar", punto a partir do cal o sendeiro adéntrase no espazo natural "Bidueiral de Montederramo". Situado entre a Ribeira Sacra e o Macizo Central de Queixa-Manzaneda, atópase este inigualable conxunto boscoso, que debido á súa importancia ecolóxica determinou a súa integración na Rede Natura 2000.

Un fermoso paseo de 9,4 Km permite ó senderista atravesar unha das máis relevantes mostras de especies autóctonas (bidueiros, carballos, acivros, abeleiras, cancereixos, piñeiros silvestres, arandeiras, etc.) e unha variada fauna (corzos, xavaríns, lebres, perdices, gabiáns, aguias, azores, mouchos, bufos, etc).

Admirar as diferentes tonalidades das árbores dependendo da estación do ano, convértese nunha experiencia inigualable.

### Naturaleza envolvente

*La "Ruta del Bidueiral" se puede considerar hoy como una de las caminatas más hermosas de toda nuestra geografía gallega. Iniciamos el recorrido en Montederramo y nos dirigimos a la cara norte de la mítica Sierra de San Mamed. Después de 8,9 Km llegamos a la encrucijada del "Campo do Casar", punto a partir del cual el sendero se adentra en el espacio natural "Bidueiral de Montederramo". Situado entre la Ribeira Sacra y el Macizo Central de Queixa-Manzaneda, se encuentra este inigualable conjunto boscoso, que debido a su importancia ecológica, determinó su integración en la Red Natura 2000.*

*Un hermoso paseo de 9,4 Km permite al senderista atravesar una de las mas espectaculares "fragas" de Galicia, que alberga relevantes muestras de especies autóctonas (abedules, robles, acebos, avellanos, serbales, pinos silvestres, arándanos, etc) y una variada fauna (corzos, jabalís, lebres, perdices, gavilanes, águilas, azores, búhos, lechuzas, etc).*

*Admirar las diferentes tonalidades de los árboles, dependiendo de la estación del año, se convierte en una experiencia inigualable.*

# Ruta de sendeirismo


## Ruta de senderismo



Ruta | Rede Natura

### Ruta do Bidueiral

Lonxitude / Longitud 27,66 km  
 Dificultad / Dificultade media  
 Cartografía / Cartografía IGN E 1:25.000  
 Follas 227 I/III



Respeita o Medio Ambiente. O patrimonio natural é un ben de todos

DESVÍO Á DEREITA DESVÍO Á ESQUERDA CONTIÑUA A RUTA DIRECCIÓN ERRÓNEA




DESVÍO A LA DERECHA DESVÍO A LA IZQUIERDA CONTIÑUA LA RUTA DIRECCIÓN ERRÓNEA

### Plano de situación



### Perfil topográfico



# Ruta de sendeirismo


## Ruta de senderismo



Ruta Rede Natura

### Ruta do Santo

Lonxitude / Longitud 29,765 km  
 Dificultad / Dificultade media-alta  
 Cartografía / Cartografía IGN E 1:25.000  
 Follas 227 I/III



Respecta o Medio Ambiente. O patrimonio natural é un ben de todos

DESVÍO Á DEREITA DESVÍO Á ESQUERDA CONTÍNUA A RUTA DIRECCIÓN ERRÓNEA



DESVÍO A LA DERECHA DESVÍO A LA IZQUIERDA CONTÍNUA LA RUTA DIRECCIÓN ERRÓNEA

### Plano de situación



### Perfil topográfico

